

INTRODUCCIÓN ÁS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

**Aprendendo estratexias
prácticas para construír
relacións fortes e saudábeis
CPI COVA TERREÑA**



O proceso xusto

- Idea central: “Os individuos teñen maior probabilidade de confiar e cooperar libremente cando observan un proceso xusto”.
- Tres principios do proceso xusto:
 - Participación.
 - Explicación.
 - Claridade de expectación.

I. A participación

- Cómpre involucrar aos individuos nas decisións que lles afectan, dándolles a oportunidade de contribuír e debater varias posibilidades de acción.


II. A explicación

- Todos/as os/as involucrados/as e afectados/as deben saber por que se tomaron as decisións finais e a forma en que se fixo.
- Explicar o proceso e a lóxica da decisión tomada crea un círculo de retroalimentación que promove a aprendizaxe.

III. A claridade de expectativas

- Unha vez tomada a decisión, créanse novas normas que deben ser articuladas claramente para que as persoas afectadas comprendan que se espera delas a partir dese momento e as consecuencias derivadas de non adaptarse a estas expectativas.

Que constrúe o proceso xusto?



Proceso vs Resultado

- Que é o máis importante?
 - Como tratamos as persoas...
 - Ou o resultado que queremos conseguir...

Os nove afectos



O compás da vergoña



O compás da vergoña

Illamento

- Saír correndo, tapar a cara, tomar distancia, física ou emocional da situación.

Negación

- Non recoñecer o que pasa. Non aceptar a realidade.
- Distracción mediante a busca de emocións fortes.

Ataque a outros

- “Darlle a volta á tortilla” (culpar a vítima).
- Situar-se fóra de control verbal ou fisicamente.

Ataque a un mesmo

- Autodenigración
- Autolesións

Como responder ante a vergoña?

- 1) escoitando o que teñen que dicir.
- 2) Estar presentes sen ter que resolver o problema.
- 3) Reflexionar sobre o que causou o sentimento de vergoña.
- 4) Validar os seus sentimentos.
- 5) Animálos a falar sobre a súa experiencia.

Como funcionamos as persoas? (Formulación de Tomkins)

As persoas funcionan ao máximo cando:

- Maximizan os afectos positivos.
- Minimizan os afectos negativos.
- Expresan emocións libremente.
- Fan as tres anteriores sempre que poden...

Hipótese de Braithwhite

Separa a acción da persoa.

As Prácticas Restaurativas permítenos:

- Rexeitar a acción (a conduta inaceptábel) porque non responde ás expectativas ou aos estándares.

Mentres que:

- Recoñece o valor intrínseco da persoa e o seu potencial para contribuír coa sociedade.

Vergoña estigmatizante / repoñedora


- **Vergoña Estigmatizante:**

Expulsa a persoa da comunidade e ponlle unha etiqueta. Esta persoa agora é unha mala persoa que cometeu un crime ou danou a outra persoa. Se é empurrada fóra da comunidade, é previsíbel que se vexa involucrada en subculturas negativas que acepten o seu rol.

- **Vergoña Reintegradora:**

Expresa desaprobación do acto pero non expulsa a persoa ofensora fóra da comunidade. Este tipo de vergoña rexeita o acto, pero non a persoa. Permite e promove a súa reintegración na comunidade ofrecendo apoios precisos para que isto ocorra.

Espectro das prácticas restaurativas



Preguntas restaurativas

- Que pasou?
- Que pensabas nese momento?
- Que pensaches dende entón?
- Quen foi afectado polo que fixeches? Como foron afectados?
- Que pensas que debe pasar para que as cousas queden ben?

Preguntas restaurativas (2)

- Que foi o que pensaches cando te deches conta do sucedido?
- Que impacto tivo este incidente en ti e nos demais?
- Que foi o máis difícil para ti?
- Que cres que debería suceder para que as cousas queden ben?

Que pasou?

- O obxectivo é obter os feitos e axudar ao autor a reflexionar sobre o que pasou e descentrarse dos seus xuízos.
- Solicítase por descoñecemento, e non como «cuestión falaz» da que xa sabemos a resposta
- Ás veces, unha repetición da pregunta pode axudar a concentrarse nos feitos.
- Buscamos unha descrición das cousas que foron ditas ou feitas (como se fose unha película).
- Se é necesario, podemos parafrasear e aclarar as dúbidas, para asegurarnos de ter comprendida a narración.

Que estabas pensando cando?

- Queremos saber «as súas razóns».
- Queremos entender o que o levou a actuar como fixo.
- Esta cuestión non debe ser confundida con “por que o fixeches” (que moitas veces non saben responder).
- Non é para desculpar, é para describir as súas percepcións, pensamentos e intencións.
- Require certa madurez cognitiva.

Quen foi afectado e como?

- Estas dúas cuestións son formuladas nunha fileira.
- Promove a reflexión non egocéntrica.
- Proporciona empatía.
- Cando o castigo foi aplicado responderán que eles foron afectados (castigo recibido).
- É unha pregunta difícil, ao principio pódense obter respostas incompletas.
- Esixe un certo nivel de desenvolvemento moral.

Que pensas agora sobre...?

- Xa que fixo a reflexión anterior, "que pensabas cando fixeches..." "Agora, que pensas?"
- Queremos acadar a responsabilidade por danos causados a terceiros. Non buscamos unha resposta mecánica.
- A resposta a esta pregunta dános a clave para pasar á seguinte. Se hai dano aos outros, e agora penso que estivo mal, será posible promover a reparación. Senón, a cuestión non terá unha resposta completa.

Que podes facer para mellorar?

- **Pregunta final:** resultado do pensamento anterior.
 - Tentamos especificar a proposta de mellora ao máximo : o que vai facer, o que di, quen, como, cando...
 - Tentamos definir un tempo para revisar os acordos.

As prácticas restaurativas deben integrar:

- Fiestra da Disciplina Social.
- Proceso Xusto.
- Espectro das Prácticas Restaurativas.
- Psicoloxía dos Afectos.

Vídeo de prácticas restaurativas en Son Gotleu (Illas Balears)



Círculo restaurativo

- Organizamos un círculo.
- Distribuímos o “obxecto da palabra”.
- Presentámonos.
- Respondemos á pregunta: **Cal é a túa primeira lembranza referida á educación?**

Máis información:

equipopsicosocial@arela.org

ana@arela.org

rpdelisn@gmail.com